

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Para o cumprimento de fins de interese xeral, a Constitución prevé o establecemento dun:

- A) Servizo militar obrigatorio.
- B) Servizo civil.
- C) Deber cidadán en caso de calamidade.
- D) Substitutivo do servizo militar para obxección de conciencia.

2. O Estatuto Marco, cando a xornada exceda de seis horas continuadas, prevé unha pausa:

- A) Polo período mínimo que permita o mantemento da atención dos servizos.
- B) Non inferior a 20 minutos.
- C) Non inferior a 15 minutos.
- D) Non superior a 30 minutos.

3. A condición de persoal estatutario fixo adquirese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- A) Superación das probas de selección e posterior toma de posesión dentro do prazo establecido.
- B) Superación das probas de selección e acreditación de se que reúnen os requisitos e condicións esixidos na convocatoria.
- C) Superación das probas de selección, nomeamento e toma de posesión.
- D) Superación das probas de selección e nomeamento polo órgano competente.

4. As distintas prestacións de saúde que constitúen o catálogo de prestacións sanitarias comprenden, polo menos:

- A) Atención primaria e especializada.
- B) Atención primaria, especializada, prestacións de urxencias e farmacéuticas.
- C) Atención primaria, especializada, prestacións de urxencias, farmacéuticas e outras de carácter complementario.
- D) Prestacións de atención primaria, especializada, de atención sociosanitaria, urxencias, farmacéutica, ortoprotésica, de produtos dietéticos e de transporte sanitario.

5. O nomeamento dos aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo realízase:

- A) Mediante documento individualizado que entrega o centro asignado como destino do aspirante.
- B) Mediante resolución do órgano competente que se publicará no DOG.
- C) Mediante resolución do órgano competente que se publicará no BOE.
- D) Mediante a publicación das listaxes definitivas na páxina web do SERGAS.

6. Os servizos sanitarios, segundo a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, adecuarán a súa organización e funcionamento aos principios de:

- A) Eficacia, celeridade, igualdade e transparencia.
- B) Eficiencia, economía e flexibilidade.
- C) Eficacia, eficiencia, efectividade e flexibilidade.
- D) Eficacia, celeridade, economía e flexibilidade.

7. A lei orgánica de protección de datos de carácter persoal establece en relación cos datos especialmente protexidos que:

- A) Os datos de carácter persoal que fagan referencia á saúde só poderán ser solicitados, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado consinta expresamente.
- B) Poderán ser obxecto de tratamento os datos de carácter persoal relativos á saúde cando resulte necesario para a prevención ou para o diagnóstico médicos, a prestación de asistencia sanitaria ou tratamentos médicos ou a xestión de servizos sanitarios, sempre que o devandito tratamento de datos se realice por un profesional sanitario suxeito ao segredo profesional ou por outra persoa suxeita así mesmo a unha obrigaón equivalente de segredo.
- C) Poderán ser obxecto de tratamento os datos de carácter persoal relativos á saúde cando o tratamento sexa necesario para salvagardar o interese vital do afectado ou doutra persoa, no caso de que o afectado estea física ou xuridicamente incapacitado para dar o seu consentimento.
- D) As 3 respostas anteriores son certas.

8. A Lei de Prevención de Riscos Laborais indica que é obrigaón dos traballadores:

- A) Os traballadores non teñen a obriga de cooperar co empresario en materia de prevención de riscos.
- B) Esixir ao empresario que garanta sempre as condicións de traballo, sexan ou non seguras.
- C) Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

9. En materia de Seguridade Social correspóndelle á Comunidade Autónoma:

- A) O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, non sendo as normas que configuran o réxime económico da mesma.
- B) Só a execución.
- C) Non é competencia autonómica.
- D) Todas son falsas.

10. A Lei de Prevención de Riscos Laborais ten por obxecto:

- A) Velar pola seguridade e a saúde dos traballadores mediante técnicas baseadas na observación, o estudo e a investigación.
- B) Protexer dos riscos inherentes ás tarefas que desempeñan os traballadores mediante a aplicación de medidas que favorezan a participación responsable nos equipos de traballo.
- C) Promover a seguridade e a saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo.
- D) Todas as respostas son incorrectas

1. A Constitución española establece respecto da Seguridade Social:

- A) Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para a poboación activa.
- B) En ningún caso dá cobertura ao desemprego.
- C) A asistencia e prestacións complementarias á Seguridade Social son obrigatorias.
- D) Garantirá a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade.

2. Co fin de dar cumprimento ao disposto na Lei de Prevención de Riscos Laborais as Administracións públicas competentes en materia laboral desenvolverán as seguintes funcións:

- A) Formación e investigación en materia preventiva e control do seu cumprimento.
- B) Promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia, control do seu cumprimento e sanción das infraccións.
- C) Promoción da prevención, asesoramento técnico e seguimento das actuacións preventivas que se realicen nas empresas.
- D) Ningunha das respostas é correcta.